

## **ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA ARTÍSTICA**

### **FEMININA E MASCULINA**

**OURENSE, 18/01/2022**

#### **1. NORMATIVAS AUTONÓMICAS 2022.**

Apróbanse as seguintes normativas, as cales adxuntamos e subiranse na web da Federación:

- NORMATIVA ESCOLAR XAM.
- NORMATIVA PROMOGYM XAM.
- NORMATIVA ESCOLAR XAF.
- NORMATIVA BASE XAF. Inclúe as adaptacións nas categorías só autonómicas de base 3-4-5 maiores.
- NORMATIVA XERAL COMPETICIÓN AUTONÓMICAS XAF.

#### **2. CALENDARIO 2022.**

Acórdanse as seguintes datas provisionais para a realización do Cto. Galego de Ximnasia Artística:

- 21-22 Maio
- 02-03 Xullo

No caso de que o Campionato Galego se celebre con posterioridade ao Nacional de Base propónse a celebración dun control autonómico previo sen público e con xuíces na instalación dalgún dos clubs das ximnastas inscritas ao mesmo na data do 21 ou 22 de Maio.

Propónse como sede de celebración do campionato Fene. O club X. Ferrolterra consultará co concello a posibilidade de realizar os anclaxes precisos para os aparellos de artística masculina.

No caso do Campionato e Copa Escolar de Artística acórdanse as seguintes datas provisionais:

- Campionato Galego Escolar: 01-02-03 de Xullo (celebraríase conxuntamente co Cpto. Galego aproveitando que a pista xa está montada con todos os aparellos) en Fene.
- Copa Galicia Escolar: a celebrar no segundo semestre do ano (novembro ou decembro) en Ponferrada.

#### **3. TECNIFICACIÓN 2022.**

##### **XAF**

O importe presupostado para a tecnificación de Artística Feminina este ano ascende a 2.500 €. Acórdase que se apliquen no seguinte:

- Realización de 2 xornadas de mellora, traballo e seguimento, a cargo dun adestrador nacional con experiencia e resultados a elixir polo Comité, cas ximnastas propostas polos clubs que cumpran os criterios que figuran a continuación:
  - o SALTO: ximnastas que realicen progresións con salto a mortal, iniciación ao Yurchenko e Tsukahara con mortal.
  - o SUELO: ximnastas que traballen progresións con piruetas e planchas adiante e atrás.
  - o PARALELAS: ximnastas que realicen kippes despegue/olímpico, impulsos a pino e molinos/quintas.
  - o BARRA: ximnastas que traballen elementos con voos ou aéreos.

As ximnastas que poden propor os clubs son aquelas que os adestradores observen que van ter progresión e reúnen condicións técnicas acordadas aos criterios anteriormente expostos.

Ditas xornadas ou concentracións realizaránse dúas veces antes do Campionato Galego, de ser posible, nos meses de marzo e final de Maio.

Os membros do Comité proporán a un técnico externo para traballar cas ximnastas, nomeadas polos clubs, antes de rematar xaneiro.

### **XAM**

O importe presupostado para a tecnificación de Artística Masculina este ano ascende a 1.250 €. Acórdase que se apliquen nunha saída cos ximnastas que participen a nivel nacional, previa ao Campionato de España, ben sexa para adestramentos ou para participar nun Torneo oficial.

Posto que o adestrador do Club Tempo non está presente na reunión enviará a súa proposta final a Federación para realizar a tecnificación desta tempada.

## **4. ROGOS E PREGUNTAS.**